1ª) Pensa o Goberno galego acometer este ano obras de reforma no centro de saúde de Ribeira?

2ª) Pensa garantir o Sergas a cobertura total do cadro de persoal sanitario que lle corresponde ao centro de saúde de Ribeira?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 13/01/2022 13:02:50

Julio Torrado Quintela na data 13/01/2022 13:03:06

Marina Ortega Otero na data 13/01/2022 13:03:16



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

A promoción do galego en todos os ámbitos e espazos é unha obriga estatutaria do Goberno galego, que debe velar por conseguir novos espazos para a nosa lingua coa intención de darlle máis presenza e garantir así a súa supervivencia nun mundo cada vez máis globalizado.

Esta conquista de novos espazos chega na actualidade ás novas contornas virtuais, nomeadamente as redes sociais, que son hoxe novos lugares de interacción e comunicación e nos que as linguas xogan un papel esencial.

Neste contexto, a plataforma de micrioblogueo *Twitter* é unha das máis empregadas no mundo -con 300 millóns de usuarios e unha interacción diaria de 65 millóns de chíos- e na que o galego ten unha posición relevante xa que é unha das 25 linguas máis empregadas. De feito, dende o ano 2013 o noso idioma forma parte xa desa rede social na versión *web* da aplicación.

A plataforma *Twitter* incorporou recentemente na súa función de tradución automática o idioma galego, mais a nosa lingua segue sen ser unha opción na configuración das recomendacións de preferencias de contido desta rede social. Entre elas figuran as demais linguas oficiais do Estado -español, catalán e éuscaro-, pero inexplicablemente o galego non, o que supón que as persoas usuarias desa rede social perden a posibilidade de que a plataforma lle recomende chíos, persoas e tendencias no noso idioma.

Dada a relevancia desta rede social e a súa idoneidade para promocionar a nosa lingua, o Grupo Parlamentario Socialista entende que a Xunta de Galicia debería liderar a xestión para que a rede social inclúa o galego en todas as súas consideracións tal e como xa fixera en 2012 a Secretaría Xeral de Política Lingüística, animada pola iniciativa 'Twitter en galego Xa!'.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan preguntan:



Realizou o Goberno galego algunha xestión para que *Twitter* inclúa o galego entre os idiomas que ofrece como opción na configuración das recomendacións de preferencias de contido?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 13/01/2022 13:11:00

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/01/2022 13:11:20



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Luís Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

O Decreto 166/2018, de 27 de decembro, declara ben de interese cultural a paisaxe cultural da Ribeira Sacra, paso previo para presentar a súa candidatura á Lista do Patrimonio Cultural da Unesco. En marzo de 2020 coñecíase que finalmente a candidatura da Ribeira Sacra será unha das 24 propostas mundiais elixidas pola Unesco para ser sometida a estudo e avaliación.

Entrementres, en maio de 2019 o conselleiro de Cultura e Turismo, Román Rodríguez, anunciaba en sede parlamentaria a licitación dun plan de xestión da Ribeira Sacra como “instrumento necesario” na estratexia de conseguir o recoñecemento pola Unesco; e sen que nada máis se soubese dese plan, en outubro dese ano anunciábase unha reunión na Cidade da Cultura para avanzar no proxecto que estaría rematado a finais do ano.

Efectivamente, en decembro de 2019, nunha reunión nos Peares, a Xunta de Galicia presentaba a estratexia para coordinar todos os investimentos na zona, que daba en chamar ‘Plan Ribeira Sacra. Plan de Xestión da paisaxe cultural’ e que leva consigo un investimento -en 12 concellos ourensáns e 13 lugueses- de máis de 34 millóns de euros a repartir entre os anos 2020 e 2023 nun total de 35 accións distribuídas en sete eixos programáticos nas que participan cinco consellarías.

O Goberno galego asegura que o devandito plan contempla melloras nos ámbitos do patrimonio e a paisaxe cultural, a ordenación do territorio, a conservación dos valores naturais e medio ambiente, o desenvolvemento económico sustentable, a xestión do turismo, a educación, formación, investigación, comunicación e participación.

Nesa xuntanza anúnciase ademais que o plan será posto en coñecemento das persoas avaliadoras da Unesco para que o consideren de cara á decisión final que deberá ser tomada en 2021.



Dada a relevancia dese plan, que debería ser dialogado e consensuado cos concellos e deputacións afectadas, consideramos que o documento debería ser público, ou cando menos coñecido por todos eses entes locais e provinciais, mais a realidade é que, un ano máis tarde da súa presentación, non dispoñen del.

Suponse que ese documento, que debería conter liñas de acción estratéxicas e orzamentadas de maneira detallada, afecta a moito do patrimonio cultural e natural da Ribeira Sacra, e por iso resulta sorprendente que tampouco se coñeza o destino das partidas específicas, canto lle vai corresponder en cada exercicio e a que consellaría pertence cada orzamento.

Tal é a súa inconcreción que o proxecto de orzamentos para 2021 só contempla especificamente para a Ribeira Sacra unha partida -compartida co Xacobeo- da Axencia Galega de Turismo no programa 433A Protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural de 1.850.000 euros de apoio aos plans de sustentabilidade turística. Un orzamento moi afastado dos 34 millóns de euros anunciados.

Ante esta falla de transparencia inexplicable por canto as deputacións provinciais e os concellos deberían coñecer con tempo as accións a acometer pola Xunta de Galicia no seu patrimonio, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Ten elaborado a Xunta de Galicia o ‘Plan Ribeira Sacra. Plan de Xestión da Paisaxe cultural’ avanzado en 2019 pero descoñecido por moitos concellos e deputacións afectados?
- 2ª) De estar elaborado, cales son as razóns dese descoñecemento?
- 3ª) Cal é o reparto, por concellos e accións concretas, dos máis de 34 millóns de euros do plan previsto para 2020-2023?
- 4ª) Quen vai xestionar o ‘Plan Ribeira Sacra. Plan de Xestión da Paisaxe cultural’?
- 5ª) Entregouse o Plan Ribeira Sacra ao comité avaliador da Unesco tal e como se anunciou a finais de 2019?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:





Noa Susana Díaz Varela na data 13/01/2022 13:12:27

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/01/2022 13:12:40

Patricia Otero Rodríguez na data 13/01/2022 13:13:13

Juan Carlos Francisco Rivera na data 13/01/2022 13:13:27



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

A comarca do Sar, conformada polos concellos de Padrón, Dodro e Rois, non conta cun servizo esencial básico como é unha residencia para persoas maiores, un recurso asistencial necesario en zonas especialmente envellecidas como esta.

A Consellería de Política Social e o Concello de Padrón formalizaron en outubro de 2020 o convenio polo que a Xunta colaborará coa entidade local no financiamento da redacción do proxecto para a construción dunha residencia de maiores no municipio achegando a cantidade de 18.000 euros.

En principio, a residencia emprazarase nunha parcela de 6.000 metros cadrados que o Concello dispón na zona da antiga azucreira, en Iria-Flavia, e dará acubillo a 60 persoas, un número que se debería incrementar a, polo menos, 80 prazas, dada a gran demanda deste servizo na zona e por ser Padrón un concello capital de comarca cunha poboación, como en tantos lugares de Galicia, preocupantemente envellecida.

Ao Grupo Parlamentario Socialista preocúpalle a vacilación do alcalde do concello padronés ao respecto da xestión da residencia en diversas comparecencias públicas. Se en 2019 comezaba asegurando que sería “difícil” que a residencia fose pública e apostaba por un modelo mixto de uso, xa a mediados do ano 2020 el e mais a conselleira afirmaban que a xestión sería pública, concretamente municipal.

Á vista de todos os problemas e conflitos xurdidos na pandemia sobre a xestión privada ou mesmo mixta das residencias de maiores, entendemos que o Goberno galego debería asumir ou polo menos exercer unha exhaustiva tarefa de control sobre as residencias, e aínda máis sobre as de nova creación nas que dalgún xeito contribuíu financeiramente.

Por outra banda, hai que esixir a cobertura xeográfica de todo o noso territorio con prazas públicas en residencias, que son as que garanten o acceso a este servizo de todas as persoas que o precisen.



Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Como valora o Goberno galego que en toda a comarca do Sar non exista ningunha residencia para persoas maiores?
- 2ª) Ten prevista o Goberno galego algunha acción nesta lexislatura para remediar a carencia deste servizo esencial?
- 3ª) Ten previsto o Goberno galego a construción dunha residencia pública no concello de Padrón?
- 4ª) Colaborará a Consellería de Política Social na construción da residencia de maiores prevista no concello de Padrón?
- 5ª) De ser finalmente privada, asegurará o Goberno galego unha parte importante de prazas públicas nesa futura residencia? En que porcentaxe?
- 6ª) Dada a gran demanda que deste servizo existe na comarca do Sar, considera necesario que se incremente o número de prazas iniciais de 60 a 80?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 13/01/2022 13:15:58

Marina Ortega Otero na data 13/01/2022 13:16:13

Julio Torrado Quintela na data 13/01/2022 13:16:25



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Castro Valente é un xacemento arqueolóxico situado no monte homónimo, nos límites actuais entre os concellos de Padrón e A Estrada. A pesares de ser coñecido e destacado, ata o de agora non foi sometido a unha investigación sistemática nin tivo intervencións arqueolóxicas de calado que arrohasen información máis precisa sobre a súa historia. Tampouco contou ata o momento con ningún proxecto de posta en valor. Non obstante, si houbo intervencións que afectaron ao xacemento, como a apertura de pistas forestais e dun amplo cortalumes que arrasou unha boa parte do conxunto.

Xa a finais do ano 2020, o proxecto de investigación ‘Castelos no aire. As fortalezas como símbolo do poder aristocrático na Gallaecia (400-600 e.c.)’, financiado pola Deputación da Coruña, realizou unha intervención en Castro Valente coa que se puideron precisar as grandes proporcións da muralla, que sitúan o xacemento como un dos maiores recintos fortificados de Galicia. Ademais, constatouse a existencia dunha torre acaroada de planta rectangular de cinco metros de ancho que sobresaí do lenzo outros tres.

Segundo o persoal investigador, isto podería confirmar que efectivamente estamos ante un enorme recinto amurallado reforzado nun momento a determinar con torreóns que, nesta cronoloxía, en Galicia resulta completamente singular e só comparable morfoloxicamente á muralla de Lugo.

O xacemento corre nestes momentos serio risco de desprotección e mesmo de destrución. Por unha banda, está afectado pola proximidade da liña de alta tensión ‘LAT 220 kv Lousame-Tibo’ e, por outra, pola posible construción dun parque eólico composto por catro aerogeneradores e unha subestación eléctrica.

Ambas as dúas actuacións afectarán non só o terreo concreto onde se empracen estes novos elementos, senón que presumiblemente precisarán abrir vías de acceso para facer chegar maquinaria, materiais e persoal necesario para as obras, co consecuente deterioro e modificación do solo e, por tanto, constituíndo un elevadísimo risco de perda de datos arqueolóxicos.



Tendo en conta a especial relevancia do xacemento de Castro Valente, como así confirman os primeiros estudos, parece necesaria a urxente intervención da Dirección Xeral de Patrimonio para protexelo do gran risco que corre ante as actuacións anteriormente citadas.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Entende o Goberno galego que as posibles obras de construción dun parque eólico e a proximidade da proxectada liña de alta tensión 'LAT 220 kv Lousame-Tibo' pode afectar gravemente o patrimonio de Castro Valente?

2ª) Mostrou preocupación o Goberno galego polo valor arqueolóxico do Castro Valente logo dos achados das primeiras catas do proxecto 'Castelos no aire'?

3ª) Ten intención o Goberno galego de levar a cabo algunha acción para analizar e valorar a situación do castro e facer algunha prospección arqueolóxica?

4ª) Como valora o Goberno galego as advertencias de asociacións en defensa do patrimonio, así como de grupos municipais do Concello de Padrón para protexer o citado castro e que non sexa destruído polas obras?

5ª) Considera que Castro Valente debe ser protexido para que non sexa afectado polas futuras posibles obras dun parque eólico e da LAT Lousame-TIBO? En caso afirmativo, vai desenvolver algunha acción inmediata para salvagardar o castro?

6ª) Considera que debería ser incluída no Catálogo de bens do patrimonio cultural de Galicia?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 13/01/2022 13:17:34

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/01/2022 13:17:46



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

As universidades públicas galegas levan décadas comprometidas coa igualdade real entre homes e mulleres como valor transversal. Non en van, mesmo antes de que a normativa universitaria obrigase a iso, as institucións académicas contaban con departamentos dedicados especificamente a esta materia.

Tanto a Oficina de Igualdade de Xénero da Universidade de Santiago de Compostela como a Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ou a Oficina para a Igualdade de Xénero da Universidade da Coruña levan bastante máis dunha década traballando a prol da igualdade coa realización de protocolos, plans de actuación, investigacións sobre xénero, campañas de prevención da violencia machista ou mesmo mediación en situación de conflitos.

Ademais, estes departamentos universitarios manteñen unha estreita colaboración con diversas administracións e institucións galegas, estatais e internacionais na consecución da igualdade de xénero e na loita pola erradicación da violencia.

Entre estas institucións colaboradoras figura loxicamente a Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral de Igualdade, que nese exercicio orzamentario 2021 decidiu reducir á metade a partida de transferencias correntes a universidades públicas para actuacións de prevención da violencia de xénero do seu programa 313D Protección e Apoio ás Mulleres que sofren violencia de xénero.

Diante desta mingua de recursos ás universidades públicas para accións contra as violencias machistas, preguntamos:

1ª) Cales foron as razóns para reducir á metade nos Orzamentos Xerais de Galicia 2021 a partida de transferencias correntes a universidades públicas para actuacións de prevención da violencia de xénero?

2ª) Está prevista outra inxección de fondos para esta causa que restableza o perdido polas universidades?

3ª) Obedece esta mingua a unha valoración negativa por parte da Xunta de Galicia do traballo desenvolvido nesta materia polas universidades públicas galegas ou é que pensa que son suficientes os novos recursos achegados?





Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 13/01/2022 13:18:38

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/01/2022 13:19:01



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Os estudos de Formación Profesional son os máis próximos á realidade do mercado de traballo e dan resposta á necesidade de persoal cualificado especializado nos distintos sectores profesionais para responder á actual demanda de emprego.

Unha das claves destes estudos é a conexión entre o mundo educativo e o mundo produtivo, o que se trata de garantir combinando a formación no centro educativo coa formación nas empresas, que é o que lle proporciona o complemento da práctica real á formación recibida. Para iso, a Xunta de Galicia conta coa colaboración de arredor de 9.000 empresas, nas que unha importante parte do alumnado atopa o seu primeiro emprego.

Esta colaboración establécese mediante a sinatura de convenios coas diferentes empresas e entidades, convenios nos que se presupón o cumprimento de determinados requisitos básicos, entre eles os que teñen que ver co respecto pola igualdade e a nin discriminación por sexo.

Mais recentemente coñecemos o caso dunha alumna do IES Universidade Laboral de Culleredo, que viu rexeitada a súa petición para realizar as prácticas de final de curso nunha empresa próxima ao seu domicilio aducindo esta que non tiña vestiarios para mulleres nin a vestimenta axeitada.

O artigo 19 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade refírese á integración da igualdade na formación profesional e di textualmente:

“A Xunta de Galicia favorecerá a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes mediante actuacións tendentes a evitar calquera tipo de discriminación, a eliminar a segregación profesional horizontal e vertical e a eliminar a totalidade das desvantaxes de partida que afecten o colectivo das mulleres”.



Dado o marco lexislativo en materia de igualdade e insistindo en que as prácticas da Formación Profesional as regula a propia Xunta de Galicia, preguntamos:

1ª) Leva o Goberno galego un control exhaustivo do cumprimento das esixencias en materia de igualdade por parte das empresas que ofrecen prácticas ao alumnado de FP?

2ª) De que mecanismos de control dispón a Xunta de Galicia para asegurar o cumprimento do artigo 19 do Decreto 2/2015?

3ª) Logo de coñecerse o caso dunha alumna do IES Universidade Laboral de Culleredo, e entendendo que pode que non sexa un feito illado, pensa tomar algunha medida ao respecto para que estas situacións non se produzan?

4ª) Cantas queixas ou denuncias por discriminación de sexo nas empresas de prácticas da Formación Profesional se levan producido por alumnas de FP nos últimos dez anos?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 13/01/2022 13:19:50

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/01/2022 13:20:04



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

A ponte de Cruzul, no concello lugués de Becerreá, iniciou a súa construción entre os anos 1776-78 proxectada polo enxeñeiro francés Lemour e está realizada cos parámetros construtivos e estilísticos da época. Levantada sobre dous grandes piares que xeraron tres arcos de medio punto, a ponte salvaba o val do Cruzul e facilitaba as comunicacións entre Galicia e a Meseta. Non en van, a ponte aséntase sobre o antigo Camiño Real que comunicaba Benavente (Zamora) e A Coruña.

Ata os anos 60 do pasado século a ponte formaba parte das infraestruturas da antiga estrada N-VI de acceso a Galicia, mais a partir das melloras substanciais na rede viaria do último terzo do XX, a N-VI e a ponte foron perdendo paulatinamente importancia como vía estrutural de comunicación co norte, polo que a pesar de que se atopa en bo estado corre risco de abandono se non se lle outorga a debida protección.

Os primeiros intentos de reclamar a importancia da obra datan de 2009, cando o Concello de Becerreá reclamou a súa distinción como ben de interese cultural e a el seguíronlle movementos similares por parte de colectivos veciñais e distintas organizacións para que se recoñeza o seu valor indubidable como reflexo dunha época de transformación na rede viaria do Estado.

O Estatuto de autonomía outórgalle a Galicia a competencia exclusiva en materia de patrimonio cultural e a Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galicia faculta a Xunta de Galicia a declarar bens de interese cultural aqueles que posúan un carácter destacado, como é o caso da ponte de Cruzul, en Becerreá. Por esta razón, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Ten pensado o Goberno autonómico iniciar os trámites necesarios para declarar a ponte de Cruzul, no concello de Becerreá, ben de interese cultural?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 27783
Data envío: 13/01/2022 14:21:53.358

Noa Susana Díaz Varela na data 13/01/2022 13:20:54

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/01/2022 13:21:07



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

A finais de 2017 o Grupo Toysal rexistraba no Concello de Teo unha solicitude de compatibilidade urbanística para o proxecto básico e estudo de impacto ambiental dunha planta de biogás na antiga canteira de Casalonga, un proxecto que tivo en contra a toda a corporación municipal e á veciñanza do concello, que constituíron a plataforma ‘Casalonga limpa de Residuos’.

Este proxecto foi arquivado ao ano seguinte, por Medio Ambiente da Xunta de Galicia, tras un informe municipal de incompatibilidade urbanística.

Sorprendentemente, en marzo de 2018 a canteira anunciaba que retomaba a súa actividade extractora cun plan para 95.000 toneladas de pedra para o ano 2019. Mais a realidade é que, en todo o tempo transcorrido ata hoxe, na canteira non houbo ningunha actividade agás unha voadura en outubro de 2019 e unhas obras na zona da válvula de baleirado en outubro de 2020, que máis ben parecía intentos de simular que a canteira si estaba a funcionar, xa que da canteira non se extraeu nin un gramo de material desde o “reinicio” da actividade hai dous anos.

No verán de 2019 o Goberno galego abría expediente de caducidade ante a falta de actividade na canteira, expediente arquivado incomprensiblemente ao ano seguinte con total opacidade, e que non se notificou nin á Plataforma nin ao Concello.

Así mesmo, a situación actual é que o Concello non ten ningunha información sobre o plan de restauración da mina en vigor, o plan de labores nin a documentación sobre seguridade e saúde pública para o ano 2021, aínda que está solicitado o acceso desde hai meses a esta documentación.

O total abandono das instalacións consecuencia da inexistencia de actividade está a provocar o inicio dun vertedoiro incontrolado de residuos nas parcelas da canteira -con denuncias da Policía autonómica- e cun déficit absoluto de seguridade na zona, do que son coñecedores nas direccións xerais de minas e medio ambiente.



A Policía local de Teo alertaba nun informe de agosto de 2020 da deficiente seguridade e sinalización da canteira. Sinalaba textualmente que “o seu deficiente estado de conservación e aparente falla de actividade na antiga canteira de Carballal están a xerar outros riscos asociados como poden ser verteduras de inertes na zona que están a proliferar nos últimos tempos podendo apreciarse varios puntos de acumulación de residuos”.

A maiores, a finais do ano 2020 a empresa Toysal solicitaba a expropiación do viario da canteira da Casalonga, identificando este viario como un tramo da antiga DP-0205, estrada que une Bertamiráns (Ames) e A Ramallosa (Teo), un procedemento fronte ao que o Concello de Teo presentou alegacións o 18 de decembro de 2020 por canto asume que é unha pista municipal como así se recoñeceu no proceso de concentración parcelaria de Calo. Tres meses despois destas alegacións, a Xunta de Galicia aínda non arquivou o expediente.

A última nova que teñen no Concello de Teo da Dirección Xeral de Enerxía e Minas da Xunta de Galicia é o rexeitamento da condición de interesado ao Concello de Teo nos expedientes da concesión mineira da Casalonga.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é o estado actual do expediente IN334A 2020-01-1 de expropiación forzosa do viario da Casalonga, no concello de Teo, relacionado coa concesión de explotación ‘Casalonga’ num. 6996?

2ª) Cal é o estado actual da tramitación da actualización do Plan de restauración da concesión de explotación Casalonga 6996, actualización obrigada pola autorización de cambio de titular da concesión no ano 2018?

3ª) Cal é o estado actual do expediente sancionador a Toysal aberto desde Augas de Galicia?

4ª) Pensa a Xunta de Galicia iniciar un novo expediente de caducidade da concesión mineira da Casalonga toda vez que dende hai dous anos non houbo actividade na explotación?

5ª) Teñen constancia de que Toysal pretenda realizar a restauración da canteira da Casalonga con residuos alleos á explotación?



6ª) Teñen coñecemento dalgún proxecto solicitado polo Grupo Toysal para o establecemento dunha planta de xestión de residuos e/ou vertedoiro na antiga canteira de Casalonga, no concello de Teo?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 13/01/2022 13:25:59

Pablo Arangüena Fernández na data 13/01/2022 13:26:14

Paloma Castro Rey na data 13/01/2022 13:26:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, en demanda da oficialidade do galego en Asturias.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Principado de Asturias está a tramitar a reforma do seu Estatuto de Autonomía no referido á oficialidade das dúas linguas propias coa seguinte proposta de redacción:

Declaración de oficialidad del asturiano con un tratamiento similar para el eonaviego en su exclusivo ámbito territorial, con previsión de que una ley de la Junta General del Principado de Asturias regule el uso oficial del asturiano y del eonaviego. Se tomará de base el artículo correspondiente del Estatuto de Autonomía de Galicia.

Sorprende que nesta redacción se obvie de forma explícita a presenza do idioma galego nesta área estremeira, pois a consideración xeral entre lingüistas é que nesa área do Eo-Navia se fala unha variedade da lingua galega na que, ademais, se recoñecen as persoas falantes galegófonas eonaviegos asturianos.

Unha situación ben común en Europa que vén determinada pola non coincidencia estrita entre fronteiras político-administrativas e lingüísticas.

A Real Academia Galega acaba de facer público un informe sobre o galego de Asturias e a súa oficialidade na reforma do Estatuto de Autonomía do Principado.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste informe, a RAG contextualiza historicamente a realidade lingüística asturiana e data no S.XIX, asinada por Manuel Murguía na súa *Historia de Galicia* (1865), a identificación do galego-asturiano, un glotónimo que continuaría a se fixar nos estudos de Dámaso Alonso e no sucesivo até o presente en que comezou a se formular a denominación eonaviego para identificar a forma de falar diferenciada desta zona a respecto do centro e oriente de Asturias, invisibilizando deste xeito a identificación de galego, o que supón un acto discriminador para co noso idioma.

Non podemos esquecer que o artigo 21.2 da Lei de normalización lingüística di a respecto do galego exterior que:

Así mesmo fará uso do previsto no artigo 35 do Estatuto de Autonomía a fin de protexe-la lingua galega falada en territorios limítrofes coa Comunidade Autónoma.

Tampouco debemos esquecer que o Estado español asinou a Carta Europea para as Linguas Rexionais e Minoritarias que ten como obxectivo a defensa, recoñecemento e protección das linguas en vías de normalización impedindo a merma dos dereitos lingüísticos. E cómpre lembrar que é responsabilidade e competencia dos gobernos das comunidades autónomas con lingua propia e oficial velar pola salvagarda deste principal símbolo identitario e patrimonial.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Como valora o goberno da Xunta a eliminación do glotónimo “galego” do Estatuto de Autonomía do Principado de Asturias polo de “eonaviego” para identificar a variante do galego falada neste territorio fronteirizo entre Galiza e Asturias?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Mantivo contacto co goberno do Principado para avaliar as consecuencias discriminatorias co galego da proposta inicial achegada?

. Como vai facer cumprir o goberno galego a obriga legal do mandato do artigo 21.2 da Lei de normalización lingüística?

. Ten contactado co goberno do Estado para facer valer os compromisos asinados por este coa Carta Europea para as Linguas Rexionais e Minoritarias?

. Que accións está a levar a cabo a Xunta para asegurar que o galego sexa recoñecido como lingua oficial no Estatuto de Autonomía do Principado de Asturias?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 13/01/2022 16:56:08

Daniel Castro García na data 13/01/2022 16:56:11





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 13/01/2022 16:56:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Pérez López e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a dotación de profesorado especialista en PT e AL no IES Alfredo Brañas de Carballo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A construción do IES Alfredo Brañas (Carballo) constituíu un acontecemento para a vila e para toda a comarca ao dar a oportunidade de estudar, e para moitos acceder ao nivel universitario, a milleiros de alumnos e alumnas da Costa da Morte.

Este centro de secundaria empezou a funcionar no curso 1970-1971, polo que no ano pasado cumpriu 50 anos. Polas súas aulas pasaron nomes ilustres de Carballo e do resto de Bergantiños e Costa da Morte, constituíndose coma un referente comarcal non só do punto de vista educativo, senón tamén cultural e asociativo.

No presente curso escolar 2021-2022, o IES Alfredo Brañas conta con 620 alumnos, e impártense neste instituto clases de secundaria, bacharelato e un ciclo de actividades comerciais.

Entre esta elevada matrícula non sorprende a existencia dun grupo de alumnado que presenta unha importante diversidade canto a necesidades educativas, o que obriga a unha atención máis especializada e individualizada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este tipo de necesidades educativas non ten decrecido a respecto de cursos anteriores, polo que esta comunidade educativa non comprende a decisión da consellería de reducir a dotación de profesionais de pedagogía terapéutica que axude a mellorar a integración no centro deste alumnado e a adecuación dos coñecementos e competencias curriculares de forma adaptada ás súas necesidades.

No curso actual o IES Alfredo Brañas viuse obrigado a reducir a oferta deste profesorado imprescindible para atender as NEAE, ficando o instituto atendido só por un profesional de pedagogía terapéutica. O instituto non conta con ningún especialista en audición e linguaxe, malia telo reclamado a dirección do centro achegando o informe de necesidades educativas presentes no centro e non ter recibido nin contestación por parte da consellería.

Esta situación provocada pola desconsiderada inacción da Consellería de Educación discrimina este alumnado ao ser privado dun recurso educativo, como é a figura da especialista PT e AL, fundamental para o seu avance académico en condicións de equidade.

Por estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª :

Que medidas está a tomar o goberno da Xunta para dotar do necesario persoal educativo especialista en PT e AL que vén demandando a comunidade educativa do IES Alfredo Brañas de Carballo desde comezos deste curso 2021-2022?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Daniel Pérez López

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 13/01/2022 17:14:43

Daniel Pérez López na data 13/01/2022 17:14:47

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 13/01/2022 17:14:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Mercedes Queixas Zas e Manuel Lourenzo Sobral, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a declaración como Ben de Interese Cultural da Ponte de Cruzul no Concello de Becerreá e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o ano 2009 a veciñanza de Becerreá vén reclamando, de maneira reiterada, a declaración da Ponte de Cruzul como Ben de Interese Cultural.

De feito, foi obxecto de debate no Parlamento de Galiza en diversas ocasións, a máis recente en novembro de 2018 acadándose un acordo unánime que urxía o Goberno español a protexer este ben declarándoo BIC.

Cómpre lembrar, neste senso, que a devandita ponte é titularidade do Estado español toda vez que por ela transcorre a N-VI.

Porén, malia as recorrentes demandas veciñais e institucionais nada se sabe da tramitación da súa catalogación por parte do Goberno español.

Así as cousas, a Ponte de Cruzul forma parte do Inventario xeral do patrimonio cultural de Galiza coa categoría de ben inventariado o que lle outorga unha protección baseada en evitar a súa desaparición ficando baixo a responsabilidade do Concello de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Becerreá e da Consellaría de Cultura que deberá autorizar calquera intervención que lle afecte, de acordo co disposto na Lei de patrimonio cultural de Galiza.

Ese mesmo texto recolle no seu artigo 2 que lle corresponde a Galiza a competencia exclusiva sobre o patrimonio cultural do noso país.

Neste senso e tendo en conta o tempo transcorrido e o desleixo amosado polo Goberno español con este ben patrimonial, de enorme valor histórico e cultural, cómpre que a Xunta de Galiza actúe exercendo as súas competencias e cumprindo coa obriga de salvagardar o patrimonio do noso país, independentemente da súa titularidade.

É importante salientar que a salvagarda e protección de todo o patrimonio cultural existente no noso país é responsabilidade da Xunta alén de se se trata de bens privados ou públicos mais titularidade doutras administracións e esta non sería a primeira ocasión en que se declarase BIC un ben titularidade do estado. Así se fixo, por exemplo, con bens marítimo-terrestres que son de dominio público estatal como o arquipélago de Sálvora, o Castro de Baroña, as Illas de San Simón e Santo Antón ou o Castro de Fazouro, entre outros.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª :

Diante do desleixo amosado polo Goberno español durante anos, vai exercer a Xunta de Galiza as súas competencias e iniciar os trámites necesarios para declarar como BIC a Ponte de Cruzul?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Mercedes Queixas Zas

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 13/01/2022 17:49:02

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 13/01/2022 17:49:08

Olalla Rodil Fernández na data 13/01/2022 17:49:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre ás actuacións desenvolvidas pola Xunta de Galiza para preservar o patrimonio artístico das extintas caixas de aforro galegas, declarado BIC en 2015.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A fusión das caixas de aforro de Galiza en 2010 e o forzado proceso de bancarización continuado, aprobado polo Banco de España contando coa autorización da Xunta de Galiza, conduciu á eliminación de facto das caixas de aforro galegas, que significou o espolio do aforro galego, o peche de múltiples oficinas, o despido masivo de traballadores e a desaparición do extenso proxecto cultural que acompañaba unha importante e valiosa obra social.

Como é ben sabido, as caixas de aforro galegas, Caixa Galicia e Caixanova, contaban, no seu valor engadido, cun importante patrimonio artístico, ao seren posuídores dunha das máis relevantes coleccións de arte no Estado e unha das máis significativas de arte galega moderna e contemporánea.

Un patrimonio cultural de excelso valor para a conservación e preservación da nosa memoria cultural que foi adquirido cos beneficios dos aforros do pobo galego e que hoxe, dez anos despois dun proceso que volve estar sometido aos interrogantes xudiciais, se atopa nun futuro incerto.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sobre este asunto xa se ten pronunciado esta Cámara en lexislaturas anteriores. Cómpre salientar o acordo conseguido, sobre unha proposición non de lei a proposta do BNG, no que se instaba a Xunta de Galiza a promover a conservación das coleccións de arte que tiñan Caixa Galicia e Caixanova e velar para que fosen postas a disposición do patrimonio público galego.

O DOG do 27 de outubro de 2015 publicaba o decreto polo que se declaraba ben de interese cultural a colección de arte de ABANCA Corporación Bancaria, S.A., unha protección que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural xustificaba por se tratar dun *elemento fundamental do patrimonio cultural de Galicia por ser un conxunto singular e extenso da arte da pintura galega, complementada con obras nacionais e do estranxeiro que conforman un discurso coherente e da máxima relevancia, e que son de interese para a permanencia da identidade do pobo galego.*

O DOG do 29 de outubro de 2015 publicaba o decreto polo que se declaraba ben de interese cultural a colección de arte da Fundación Galicia Obra Social (Afundación). De novo a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural xustifica este nivel de protección, *consciente de que como colección resulta un elemento fundamental do patrimonio cultural de Galicia, por ser un conxunto senlleiro e moi representativo principalmente da pintura galega moderna e contemporánea que, a pesar de partir dun conxunto diverso de procesos de provisión, resulta de interese para a permanencia da identidade do pobo galego.*

Estas dúas declaracións BIC para o conxunto patrimonial artístico procedente das extintas caixas de aforro galegas viñan precedidas da declaración BIC para o fondo bibliográfico e documental de Abanca Corporación Bancaria, S.A. no Decreto 113/2015, *polo valor histórico e documental que supoñen como colección para a identidade do pobo galego,*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En definitiva, un repertorio patrimonial que constitúe unha colección artística que é un dos piares básicos para recrear boa parte da historia cultural da identidade galega para as xeracións vindeiras e que, no entanto, na última década perdeu presenza na súa translación á sociedade galega ao se esvaecer a acción formativa e pedagóxica, así como a propiamente expositiva das coleccións artísticas, nos diferentes centros que constitúen outro patrimonio fundamental como bens inmoables.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Está a Xunta de Galiza a realizar o seguimento do estado de conservación, mantemento e difusión destas dúas coleccións artísticas declaradas BIC en 2015?

. Ten elaborado algún informe ao respecto no último lustro?

. Coñece o estado de conservación das obras nos edificios que acollen as dúas coleccións BIC? Coñece como están almacenadas e preservadas ambas as dúas coleccións? En que espazos e con que medidas de seguridade?

. É consciente o goberno da situación do patrimonio arquitectónico das extintas caixas - edificios de uso cultural e social que están espallados por todas as cidades?

. Que opinión lle merece o proxecto cultural desenvolvido polos actuais propietarios á hora de visibilizar este patrimonio artístico entre a sociedade galega e referenciarlo no contexto cultural internacional?

. Considérao suficiente e á altura dun patrimonio artístico como este de máxima relevancia para a identidade cultural galega?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Ten establecido a Xunta de Galiza un marco de relación continuada co actual propietario privado das dúas coleccións?

. Ten pensado nalgún momento actuar para asegurar a cesión desta magna obra artística a institucións e museos de titularidade e/ou xestión pública para a súa exposición en Galiza?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 13/01/2022 17:53:03

Daniel Castro García na data 13/01/2022 17:53:15

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 13/01/2022 17:53:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, en demanda de actuacións de restauración no Parque do Pasatempo en Betanzos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Entre outras competencias, a comisión presentará as iniciativas dos diferentes organismos e entidades representativas para unha xestión eficaz con garantías tendente á conservación dos seus valores como paisaxe cultural; fixará as estratexias, plans, políticas e accións da Xunta, e dará a coñecer os seus resultados; apoiará e impulsará as liñas de acción parala protección, conservación, investigación e difusión dos valores da paisaxe cultural da Ribeira



Sacra; elaborará propostas vinculadas coa súa situación e potencialidades como paisaxe cultural e realizará unha avaliación periódica da situación.

A Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra funcionará en Pleno, que se reunirá con carácter ordinario unha vez ao ano, e na Comisión Permanente, cuxa reunión ordinaria será, polo menos, unha vez ao semestre. No artigo 1.3 do decreto de creación da comisión aseguran que un dos seus obxectivos é ser a canle para a participación activa das comunidades locais do territorio da Ribeira Sacra. Sorprende que esta sexa a vontade real toda vez que a participación desas comunidades locais só poderá darse, con carácter ordinario, unha vez ao ano, que é cando se reúne o Pleno.

En recente comparecencia parlamentaria, o conselleiro de Cultura non dilucidou as dúbidas xurdidas en torno a esta comisión, crucial en principio para a candidatura da Ribeira Sacra, e por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cantas veces se reuniron o Pleno e a Permanente da Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra?

2ª) De terse reunido algunha vez esta comisión, convidouse a participar outros organismos ou entidades locais presentes no territorio?

3ª) Para cando está prevista a seguinte reunión do pleno da Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra e cales serán os asuntos a tratar?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 13/01/2022 13:49:54

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/01/2022 13:50:07



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

A atención ás comarcas rurais e a loita contra o seu despoboamento pasa polo mantemento e consolidación dos servizos básicos, e en maior medida en zonas nas que existe un problema demográfico. A atención sanitaria é un deles.

O Servizo de Pediatría do Centro de Saúde da Baña dá atención a 258 nenos e nenas de entre 0 e 14 anos (datos do INE de 2019) unicamente os martes e xoves de cada semana. Este servizo leva tempo atopándose con problemas debido a que as vacacións ou días libres da facultativa non son substituídas. Neste último período vacacional a solución que deron dende a Xunta de Galicia foi desviar os menores de 3 anos ao Centro de Saúde de Negreira, mentres que os maiores desa idade eran atendidos polo médico de cabeceira, no que é claramente unha disfunción do servizo xa que non é ese o profesional que debía atendelos.

Ese servizo de pediatría está compartido co concello de Mazaricos (a 18 km), que atende os luns, mércores e venres, existindo aí tamén outra disfunción xa que o máis lóxico sería facelo con Negreira (7 km), non só por proximidade senón porque se atopa xa na ruta cara ao hospital de referencia, o Centro Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, en caso de ter que acudir a este por unha urxencia.

En resposta a isto que formulabamos en outubro do ano 2020, recibimos resposta escrita na que consideran de todo normal que un médico de familia, e non un pediatra, atenda a nenos e nenas de máis de 3 anos, poñendo en dúbida así a especialidade de pediatría e sentando diferenzas inaceptables entre menores de núcleos rurais e urbanos, que son atendidos os segundos polo especialista correspondente.

Por outra banda, o Goberno alega problemas de cupo para non establecer o de Negreira como centro de referencia de pediatría do Concello da Baña, sen valorar a problemática que pode existir no caso dunha urxencia grave no que a familia tería que desandar o camiño andado perdendo máis de media hora para chegar ao CHUS.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Como pensa garantir o Goberno galego a axeitada cobertura pediátrica dos 258 nenos e nenas do concello da Baña?

2ª) Vai cubrir o Sergas as ausencias da pediatra do Centro de Saúde da Baña para non causar prexuízo á poboación, que ten que se trasladar de concello para ser atendida?

3ª) Considera o Goberno galego aceptable que médicos de familia atendan as consultas de pediatria?

4ª) Pensa o Goberno galego aceptar a petición da veciñanza da Baña de compartir o pediatra co centro de saúde de Negreira en vez de co de Mazaricos?

5ª) Cantos nenos e nenas atende o Servizo de Pediatría do Concello de Negreira?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 13/01/2022 13:50:52

Julio Torrado Quintela na data 13/01/2022 13:51:05



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

O cada vez maior abandono no que se atopa a atención primaria en Galicia déixase ver de maneira máis notoria no ámbito rural, onde a súa cidadanía dispón de centros de saúde avellentados, listas de agarda interminables e profesionais cansos que mesmo teñen que asumir especialidades sanitarias que non lles corresponden.

Un destes casos é o do concello coruñés de Ordes, que conta cun centro de saúde cun Punto de Atención Continuada (PAC) que carece dos recursos infraestruturais e humanos suficientes para dar resposta ás necesidades da poboación que asiste, algo inasumible como capital de comarca que é.

O centro precisa dunha reforma integral e mesmo dunha ampliación, para a que conta con espazo suficiente, ademais da dotación dun heliporto nunha parcela anexa ao centro, unha vella demanda do propio concello. En caso dunha urxencia, na actualidade o helicóptero ten que recoller as persoas doentes no campo de fútbol da vila, que deben chegar a ese punto nunha ambulancia que moitas das veces non está dispoñible.

A maiores, e como vén sucedendo nos centros de saúde de toda Galicia, a veciñanza está a soportar listas de agarda interminables, con esperas de dúas semanas mesmo para as consultas que veñen derivadas do propio PAC, algo case lóxico dado que só tres médicos están a cubrir as vacacións no centro de saúde de Ordes.

Tamén o PAC, que atende as urxencias das 23.550 persoas adscritas a ese centro dos municipios de Ordes, Frades, Mesía, Tordoia e Trazo, presenta unhas carencias de persoal continuadas no tempo, con quendas nocturnas cun só facultativo de maneira que ás veces -cando é precisa unha atención domiciliaria puntual- as urxencias quedan sen cobertura.

Noutra orde de cousas, o Grupo Municipal Socialista leva anos reclamando para o centro de saúde a implantación do servizo de radioloxía dixital, co que se lle reducirían os longos tempos de espera ás persoas doentes remitidas dende o centro de saúde ordense ao centro de referencia compostelán. Este novo servizo, programado no Goberno de Pérez Touriño pero paralizado á chegada do PP ao Goberno galego, só implicaría o equipamento e a persoa técnica que o atendese, xa que o informe podería facerse dende o CHUS.

Diante desta situación, que dá conta da mala xestión da sanidade pública pese aos esforzos dos e das profesionais sanitarios, preguntamos:



1ª) Considera a Xunta de Galicia que a atención sanitaria aos veciños e veciñas de Ordes está a ser satisfactoria?

2ª) Como valora o Goberno galego o estado de conservación dese centro coruñés? Ten previsto acometer proximamente a súa reforma integral ou a construción dun novo centro?

3ª) Ten prevista a Xunta de Galicia a instalación dun heliporto anexo ao centro de saúde?

4ª) Como valora que haxa tardanzas de ata dúas semanas para consultas que veñen derivadas do propio PAC do centro?

5ª) Que valoración fai o Goberno galego da atención médica no PAC, que só conta cun facultativo polas noites para atender as urxencias que puideran xurdir nunha poboación de 23.550 persoas?

6ª) Contempla a Consellaría de Sanidade implantar o servizo de radioloxía dixital no centro de saúde de Ordes?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 13/01/2022 13:54:08

Julio Torrado Quintela na data 13/01/2022 13:54:24

Marina Ortega Otero na data 13/01/2022 13:54:34



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

Este verán o Goberno galego publicaba as listas de agarda que, de novo, sitúan a EOXI de Santiago e concretamente o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS) nun lugar dramático por canto son 31.952 persoas que se atopan nesas listas -cirurxía, probas diagnósticas e consultas externas- o que supón un 20 % máis que o ano pasado (en concreto, 5.112 doentes máis).

A denuncia do estado das listaxes de agarda no Sergas é algo recorrente cada ano por parte de asociacións de doentes, profesionais, sindicatos e grupos políticos da oposición. Unha denuncia realizada unicamente cos datos que se fan públicos, os da listaxe de agarda estrutural, pero que silencia a cifra real de doentes que agardan para ser atendidos no sistema público galego de saúde, incumprindo así o RD 1039/2011 de 15 de xuño que no seu artigo 6.2 di que en certos supostos se pode perder a garantía de atención, pero o doente continuará na listaxe.

Segundo os datos de 2021, o tempo de agarda na listaxe de Cirurxía na EOXI de Santiago é de 71,9 días, unha cifra mesmo peor que a media en Galicia. Xa por centros de referencia, no CHUS hai na actualidade 7.200 persoas agardando por unha operación, duplicando os tempos de espera (73 días) en Lugo e triplicando os de Ferrol. Á súa vez, a Barbanza móstrase como o hospital comarcal de toda Galicia que ten os peores datos en cirurxía, cunha espera de 59,4 días.

Xa por especialidades, na lista de agarda para cirurxía o CHUS ten a máis alta de toda Galicia en Neurocirurxía (132 días), a segunda máis alta en Xinecoloxía (52,8 días) e as persoas pendentes dunha Cirurxía Pediátrica terán que agardar no CHUS unha media de 86,7 días, e dunha cardíaca 89,9 días.

Na listaxe de agarda para consultas externas no CHUS hai na actualidade 14.659 persoas, cunha media de 31,3 días, con esperas de 7,9 días en Obstetricia, a máis longa de toda Galicia; 31,4 días en Pediatría, ou 12,5 en Radioterapia, por riba da media de Galicia.



Tamén na listaxe de probas diagnósticas a espera no CHUS é inasumible, cunha media de 31,4 días para a realización dunha radioloxía mamaria, 72,7 días para un TAC, 51,1 para unha resonancia magnética, 31,8 para unha ecografía mamaria ou 31,5 días para unha eco de cardioloxía.

Xa comparando con anos anteriores, na especialidade de neurocirurxía o CHUS atópase hoxe nun lugar considerablemente peor na listaxe de cirurxía, cunha media de agarda actual de 132 días cando hai un ano era de 105,9 e en 2019 de 65. Con respecto a 2019, en xinecoloxía incrementouse a espera en Santiago nun 52 %; en pediatria nun 163 % e en cirurxía cardíaca un 120 %.

Na listaxe de consultas externas os datos comparativos son realmente alarmantes, como por exemplo en radioterapia, que se pasou dunha espera de 2,9 días en 2019 a 12,2 este ano.

Á vista de todos estes datos ofrecidos polo Goberno galego, cabe mostrar unha fonda preocupación pola deficiente xestión dun centro hospitalario como o CHUS, que no canto de ser centro de referencia en Galicia se sitúa á cola con respecto a outros no que respecta a listas de agarda. A deficiente xestión e a falla inexplicable de recursos están situando o CHUS e a área sanitaria de Santiago e a Barbanza nunha situación agónica á que de non poñer solución inmediata terá moi complexa resolución.

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Como valora o Goberno galego as listaxes de agarda no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, con máis de trinta mil persoas nelas e demoras no tempo inasumibles para as persoas doentes?

2ª) Considera necesaria a elaboración dun plan de seguimento específico do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela para dar solución á negativa evolución das listaxes de agarda?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 13/01/2022 13:55:57





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2022 11:00:23
Nº Rexistro: 27830
Data envío: 14/01/2022 11:00:23.639

Julio Torrado Quintela na data 13/01/2022 13:56:08

CSV: BOPGDSPG-24fYpU-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

O concello de Negreira conta cun club de atletismo e con moitas outras persoas non federadas que se dedican a esta disciplina deportiva, pero que teñen que se trasladar a outros territorios para practicar este deporte por falla desas instalacións no propio concello. De Negreira é, por exemplo, a promesa do atletismo galego e estatal Alba Cuns.

Diante desa falla de espazos, o Concello de Negreira ten elaborada unha memoria para o proxecto de construción dun módulo de atletismo que iría emprazado dentro do recinto do campo de fútbol para así aproveitar os vestiarios, o ximnasio, o almacén e mesmo o alumeado.

O proxecto, cun orzamento moi asumible para a Administración autonómica, suporía realizar algunha obra no campo de fútbol que estaría disposto a asumir o concello, que ademais daría todas as facilidades para a execución desa instalación deportiva.

A Secretaría Xeral de Deportes é coñecedora desta memoria, pero polo de agora non emitiu unha resposta positiva para unha iniciativa que permitiría a práctica deportiva non só das persoas interesadas de Negreira senón tamén de concellos próximos e con esa carencia.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Valora a Xunta de Galicia colaborar co Concello de Negreira para a construción dun módulo de atletismo que daría resposta ás necesidades deportivas das e dos atletas da zona?

2ª) Como valora a memoria que xa elaborou o Concello de Negreira para a súa construción?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2022 11:00:53
Nº Rexistro: 27831
Data envío: 14/01/2022 11:00:53.092

Noa Susana Díaz Varela na data 13/01/2022 13:57:07

Juan Carlos Francisco Rivera na data 13/01/2022 13:57:19



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

O curso académico 2021-2022 comezou de igual xeito que o pasado no que as medidas sanitarias e de protección fronte á covid-19 se refire: distancias, uso de máscaras e hidroxel, grupos estables de convivencia ...

Isto obriga a unha organización tamén similar do curso escolar por parte das direccións dos centros educativos en canto á organización de espazos e sobre todo de profesorado. Por esta razón, non se entende que nun ano como o actual, cunha achega extraordinaria de fondos que o Goberno galego debería dedicar a educación, moitos centros educativos en Galicia se atopen con problemas de falla de profesorado.

É o caso da situación que sofren os CEIP Monte dos Postes e As Fontiñas de Santiago de Compostela, que este curso teñen que compartir profesorado de maneira que o centro As Fontiñas conta con 12 titores para 13 aulas e en Monte dos Postes faltan por completar 3 dedicacións.

A falla de profesorado, da que son coñecedores todos os organismos implicados da Consellaría de Educación, provoca problemas lóxicos de índole pedagóxica, dándose circunstancias tan sorprendentes e impensables como, por exemplo, que unha aula de segundo curso de Primaria do CEIP Monte dos Postes contará este curso con 8 docentes. Nese curso a Administración educativa aprobara en xuño un desdobre pero que non resolveu correctamente co prexuízo lóxico para o centro.

Hai que salientar que o alumnado matriculado nos dous centros con respecto ao ano pasado non diminuíu, e polo tanto, a dotación persoal debería manterse ou mellorarse. Neste senso, a itinerancia do profesorado entre estes dous centros afecta tamén ás prazas de PT e AL, coa afectación que isto ten sobre o alumnado con necesidades educativas especiais. No caso concreto do CEIP das Fontiñas cada alumna/o que se matriculou de forma extraordinaria ten NEAE (necesidades específicas de apoio educativo).



Se o que se persigue é a calidade do ensino a dotación humana nos centros educativos é fundamental e por iso, diante desta situación facilmente solucionable a deputada e o deputado que asinan preguntan:

1ª) Como valora a Xunta de Galicia a situación que sofren os CEIP Monte dos Postes e As Fontiñas, en Santiago de Compostela, que teñen que compartir profesorado deixando clases sen titorías a tempo completo?

2ª) Considera o Goberno galego admisible que dous centros de educación infantil e primaria, con 900 estudantes e deles moitos con necesidades educativas especiais, compartan unha praza de Pedagogía Terapéutica e outra de Audición e Linguaxe?

3ª) Vai tomar a Xunta de Galicia algunha decisión para solucionar o grave problema que supón esta falta de profesorado nos CEIP Monte dos Postes e As Fontiñas?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 13/01/2022 13:58:08

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/01/2022 13:58:22



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Patricia Otero Rodríguez e Luís Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

A mediados do ano 2014 abríase a variante de Noia, de 4.929 metros de lonxitude e un investimento próximo aos 45 millóns de euros. Esta vía inclúe unha ponte con tirantes sobre a ría de 1.700 metros que une as zonas da Barquiña e Testal.

A ponte púxose en circulación cunha iluminación básica na que se investiron 92.671 euros. Catro anos máis tarde estreábase unha nova iluminación que, cun custe final de 326.943 euros, pretendía complementar a primeira cun proxecto ornamental pensado como atractivo para as persoas visitantes e tamén para mellorar a visibilidade da contorna da ponte durante a noite.

Segundo explicaba a propia Xunta de Galicia, o obxectivo desta segunda acción foi potenciar os elementos característicos da estrutura -os tirantes verticais-, permitir a creación de escenas mediante o axuste da intensidade de luz e cor e realizar prendidos e apagados regulados, automatizar a iluminación, axustar os luxes, temporizados e escenarios de iluminación.

A actuación incluíu ademais o balizamento da zona peonil, con focos led e un ángulo de apertura asimétrica que evita o cegamento dos vehículos.

Mais o que pretendía ser unha actuación para completar a mellora do alumeado desta ponte resultou todo o contrario. Nestes momentos a ponte si conta coa iluminación decorativa pero a básica, a da senda peonil, está deshabilitada dende hai meses de maneira que quen precise atravesar a ponte a pé pola noite deberá facelo a escuras na maior parte do traxecto. A maiores, a veciñanza denuncia que logo de seis anos da súa inauguración, a varanda exterior está xa en mal estado e os elementos que protexen ao peón dos pasos dos vehículos non son suficientes.

Por todo isto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Como valora a Xunta de Galicia que a iluminación do paso peonil da ponte da variante de Noia leve deshabilitada dende hai meses?

2ª) Considera a Xunta de Galicia que a iluminación ornamental que se puxo en marcha en 2018 é suficiente para as persoas que a cruzan a pé?

3ª) Considera suficiente o Goberno galego as medidas de protección e seguridade dos peóns na ponte?





Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 13/01/2022 13:59:14

Patricia Otero Rodríguez na data 13/01/2022 13:59:30

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/01/2022 13:59:42



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

O 17 de agosto de 2021 entrou en vigor o Real decreto 640/2021, do 27 de xullo, de creación, recoñecemento e autorización de universidades e centros universitarios, e acreditación institucional de centros universitarios.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considera a Xunta de Galicia que a Universidad Intercontinental de la Empresa se atopa en condicións de cumprir e adaptarse aos novos requisitos establecidos polo Real decreto 640/2021?

2ª) Terá xa o Goberno galego en conta as novas esixencias que establece o vixente Real decreto 640/2021 para autorizar o inicio das actividades da nova universidade privada de Abanca?

3ª) Considera a Xunta de Galicia que a Universidad Intercontinental de la Empresa cumpre, a día de hoxe, co disposto no Real decreto 640/2021? En caso negativo, cales son os incumprimentos que se producen da aplicación da citada normativa?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 13/01/2022 14:00:42

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/01/2022 14:00:54



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión Permanente non Lexislativa de Control da RTVG.

Xusto cando a CRTVG está impartindo un curso en liña obrigatorio para o seu persoal sobre o acoso laboral, coñecemos que un traballador da TVG irá a xuízo o 15 de xuño logo de interpoñer unha demanda ante o Xulgado do Social número 2 de Santiago de Compostela. Nesa demanda denuncia a situación de acoso que leva sufrindo desde hai anos pola súa actividade sindical, política e, de forma especial, pola súa orientación sexual.

A situación de acoso e discriminatoria que sofre ao facer público o seu activismo LGTBI afectaría aos seus dereitos fundamentais e á conciliación da súa vida persoal e laboral, así como á promoción e formación profesional. Así, todas as súas demandas profesionais, de formación e de conciliación foron desouvidas en todo este tempo, sen que houbera xustificación para as sucesivas negativas.

O artigo 91.4.1 do Convenio Colectivo da CRTVG tipifica como falta moi grave toda actuación que supoña discriminación por razón de sexo, estado civil, idade, lingua, orixe racial ou étnica, condición social, relixión ou conviccións, ideas políticas, orientación sexual, afiliación ou non a un sindicato ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

O curioso é que este traballador chega a xudicializar o seu caso logo de non ter ningunha resposta ou solución por parte da Dirección de Recursos Humanos do ente público nin da comisión fronte ao acoso da CRTVG, que si se reuniu para tratar o asunto pero sen ningunha garantía e moito menos solución.

Diante destes feitos, inaceptables no tempo actual, as deputadas que asinan preguntan ao director xeral da CRTVG:

1ª) Como valora a denuncia interposta por un traballador da TVG por acoso laboral debido fundamentalmente a razóns de orientación sexual?

2ª) Era coñecedor o director xeral da CRTVG desta denuncia?

3ª) Logo da reunión da comisión fronte ao acoso da CRTVG por este caso, tomouse algunha decisión ao respecto?

4ª) Cantos casos de acoso semellantes se teñen presentado na CRTVG nos últimos anos? Déuselle solución a todos eles? Hai algún expediente máis aberto neste momento?



5ª) Considera conveniente mudar a configuración da comisión de acoso da CRTVG para dotala de imparcialidade e efectividade, tal e como solicitan os sindicatos?

6ª) Dispón a CRTVG dalgunha ferramenta efectiva para evitar o acoso laboral por razóns de discriminación sexual?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 13/01/2022 14:01:38

Noelia Otero Lago na data 13/01/2022 14:02:05



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, dispón no seu artigo 10:

- 1. Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.*
- 2. Corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia. O nome das vías urbanas será determinado polo Concello correspondente.*
- 3. Estas denominacións son as legais a tódolos efectos e a rotulación terá que concordar con elas. A Xunta de Galicia regulamentará a normalización da rotulación pública respectando en tódolos casos as normas internacionais que subscriba o Estado.*

Un ano máis tarde, no Decreto 132/1984, do 6 de setembro, establecíase o procedemento para a fixación ou recuperación da toponimia de Galicia, que na súa exposición de motivos afirmaba que “a toponimia forma parte esencial do patrimonio dun pobo ao tempo que fai patente a orixe ou as vicisitudes do decorrer histórico dos seus asentamentos humanos”.

Diante desta declaración de principios que compartimos, sorprende a celebración en Galicia dun conclave que se presenta como “espazo de diálogo entre ambas beiras do Atlántico” e que, por terceiro ano consecutivo, leva por título ‘Foro La Toja’, en clara alusión ao lugar onde se desenvolve: a illa pontevedresa de A Toxa.

Certo que ese foro de debate, no que participan destacados representantes políticos e do eido económico mundial cun inaceptable desequilibrio de xénero entre as persoas intervinientes, ten carácter privado, pero non é menos certo que dada a relevancia dos oradores terá unha transcendencia internacional que porá o noso país, e máis concretamente a illa de A Toxa, na axenda de moitos medios de comunicación.



É por iso que ao Grupo Parlamentario Socialista lle preocupa que un ano máis este foro adopte unha denominación que non se corresponde coa toponimia oficial de A Toxa que figura no Decreto 219/1998, do 2 de xullo, do nomenclátor correspondente ás entidades de poboación da provincia de Pontevedra. Resulta inaceptable esa deturpación da toponimia oficial, que conta coa unanimidade de todas as forzas políticas galegas, e que por conseguinte tamén deturpa o noso propio patrimonio cultural.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Como valora o Goberno galego a denominación do ‘Foro La Toja’ que se desenvolve na illa de A Toxa?
- 2ª) Entende o Goberno galego que a denominación dese evento, de pretendida proxección internacional, afecta de maneira negativa a difusión do noso patrimonio cultural inmaterial?
- 3ª) Realizou a Xunta de Galicia algunha xestión para que, apelando ao cumprimento da toponimia oficial, os organizadores mudasen o nome do evento?
- 4ª) Valora o Goberno galego ampliar as funcións da Comisión de Toponimia a tarefas de control do cumprimento da normativa?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 13/01/2022 14:02:54

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/01/2022 14:03:06



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Diante da baixa execución orzamentaria na partida 151A de Fomento da lingua galega, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Considera o Goberno galego que coa baixa execución orzamentaria no segundo trimestre do ano 2021 da partida 151A Fomento da lingua galega se conseguirán a finais de ano os obxectivos previstos?

2ª) Cales son as razóns da baixa execución orzamentaria da partida 151A de Fomento da lingua galega no segundo trimestre do ano 2021?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 13/01/2022 14:03:47

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/01/2022 14:03:58



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

Diante da posible existencia dun informe da Consellaría de Sanidade sobre a piscina da Picota (Mazaricos) realizado este verán, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

- 1ª) Realizou a Consellaría de Sanidade este verán algún informe sobre a piscina da Picota (Mazaricos)?
- 2ª) En caso afirmativo, trasladoullo ao Concello de Mazaricos para o seu coñecemento?
- 3ª) En caso de existir, cales son as principais conclusións do informe?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 13/01/2022 14:04:40

Julio Torrado Quintela na data 13/01/2022 14:04:54

Marina Ortega Otero na data 13/01/2022 14:05:16



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

Cada 25 de novembro, o grupo parlamentario socialista súmase á conmemoración do Día Internacional contra a Violencia contra as mulleres. Compartimos a dor de tantas mulleres que sofren violencia, das súas fillas e fillos, nais, pais, familiares e amizades. A elas diriximos todo o noso apoio, coa convicción de que loitamos pola máis xusta das causas e o noso compromiso de non deixar de avanzar ata erradicar da nosa sociedade a violencia machista. Sabemos que o camiño será longo, pero iso só fai máis urxente que apuremos o paso e que sigamos avanzando.

En cumprimento co Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, o PSdeG considera que os diferentes tipos de violencia que sofren as mulleres requiren de leis específicas e integrais para adecuar a necesidade de intervención e de protección a cada tipo de violencia, e en Galicia temos dado pasos nestes últimos tempos recoñecendo, por exemplo, a violencia vicaria ou a dixital como formas de violencia de xénero.

Pero tamén consideramos que se debe avanzar cara a un novo marco lexislativo orientado á abolición da prostitución. A trata con fins de explotación sexual non pode desligarse da prostitución, a forma máis terrible de violencia contra as mulleres. Son dúas caras dunha mesma realidade. No PSdeG desexamos unha sociedade onde as mulleres e as nenas non sexan prostituídas, nas que os corpos de mulleres e nenas non sexan obxectos de consumo. O noso modelo de sociedade é un no que homes e mulleres son iguais e libres e esa idea é incompatible coa prostitución e a trata de seres humanos.

Non podemos esquecer que a prostitución non é un problema das mulleres, senón de calidade democrática. Garantir a liberdade, a seguridade e a vida das mulleres e protexer as vítimas non é unha opción, é unha obriga.

Por todo isto, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:



Considera necesario que a Xunta de Galicia, no marco das súas competencias, impulse que as políticas públicas en materia de servizos sociais, sanidade, seguridade e igualdade teñan tamén como obxectivo a abolición da prostitución?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 13/01/2022 14:07:18

Noelia Otero Lago na data 13/01/2022 14:07:29

Julio Torrado Quintela na data 13/01/2022 14:07:45

Marina Ortega Otero na data 13/01/2022 14:07:53



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

O 25 de febreiro de 2021, a Comisión 5ª aprobaba por unanimidade unha iniciativa proposta polo Grupo Parlamentario Socialista que instaba a Xunta de Galicia a que coordine unha mesa de traballo interinstitucional coa fin de revisar e mellorar os protocolos de atención ás familias no caso de falecemento en accidente dalgún dos seus membros.

Coa proposición non de lei aprobada preténdese que no caso de falecemento dun familiar por circunstancia sobrevida, a familia conte con todos os coidados e apoios emocionais que garantan a súa estabilidade no primeiro momento de dó. Para iso é preciso que exista un protocolo de actuación que incardine as accións de todos os profesionais que teñen que intervir, dende o momento de comunicación ata o recoñecemento dun cadáver.

Para conseguir ese fin, no Parlamento acordouse que o Goberno galego coordine un grupo de traballo que contribúa a aliviar a dó innecesaria de moitas familias galegas. Transcorridos xa máis de oito meses dende a súa aprobación e sen coñecer se xa comezaron os traballos para establecer os demandados protocolos, preguntamos:

1ª) En que estado se atopan os traballos para establecer protocolos de atención ás familias no caso de falecemento en accidente dalgún dos seus membros, aprobado por unanimidade en comisión parlamentaria o 25 de febreiro de 2021?

2ª) Constituíuse xa a mesa de traballo interinstitucional acordada para tal fin?

3ª) Cando teñen previsto a finalización dos traballos?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 13/01/2022 14:08:39





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2022 11:05:57
Nº Rexistro: 27856
Data envío: 14/01/2022 11:05:57.170

Julio Torrado Quintela na data 13/01/2022 14:08:53

Marina Ortega Otero na data 13/01/2022 14:09:02

CSV: BOPGDSPG-24fYpU-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

A definición das características que debe reunir unha unidade familiar para ser considerada familia monomarental ou monoparental correspóndelle a cada comunidade autónoma, que debe establecer os requisitos necesarios para obter esta condición.

En Galicia a Lei 3/2011 de apoio á familia e á convivencia de Galicia estableceu a condición especial desas unidades familiares como merecedoras de protección específica por parte dos poderes públicos. Mais para facer eficaces as políticas dirixidas ás familias monomarentais e monoparentais é esencial definir a súa tipoloxía e coñecer cantas existen no noso país e cal é a súa situación.

Unha ferramenta que pode ser de utilidade para tal fin é o Rexistro de Familias Monomarentais e Monoparentais de Galicia, que está recollida na Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia e que fixaba un prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor para a súa elaboración.

Neste pasado mes de xullo a Xunta anunciaba que estaba ultimando xa ese decreto, para o que contaba coa colaboración da Asociación Nais Solteiras por Elección (MSPE) de Galicia, pero catro meses despois aínda nada sabemos del a pesar de que tiña que estar rematado no mes de agosto, tal e como obriga a lei.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) En que estado se atopan os traballos de elaboración do decreto que creará o Rexistro de Familias Monomarentais e Monoparentais de Galicia e regulará a definición desas unidades familiares?

2ª) Cando está prevista a súa finalización e a publicación do decreto correspondente?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2022





Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 13/01/2022 14:09:46

Noelia Otero Lago na data 13/01/2022 14:09:58

Marina Ortega Otero na data 13/01/2022 14:10:15

Julio Torrado Quintela na data 13/01/2022 14:10:27



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Igualdade, leva 25 anos convocando o programa Emega de axudas para o fomento do emprendemento feminino, dirixido a apoiar a posta en marcha, a mellora e a reactivación de iniciativas empresariais constituídas por mulleres.

Dada a situación de crise económica provocada pola pandemia, que repercutiu en maior medida nas mulleres, na convocatoria de 2021 reforzouse o crédito destinado ao fomento do emprendemento feminino, precisamente para paliar os obstáculos que moitas mulleres atopan para pór en marcha e consolidar os seus proxectos empresariais e mesmo para mellorar no ámbito laboral.

Ese incremento do crédito provocou que na convocatoria deste ano se sobrepasase en moito o número de solicitudes a esta axudas, que chegan a superar as 1.500.

Normalmente as persoas finalmente beneficiarias coñecíanse a finais do mes de outubro, mais este ano aínda non se publicou esta listaxe.

Paralelamente, está previsto que o 19 de novembro teña lugar no Pazo de Congressos e Exposicións da Coruña un acto de conmemoración do XXV aniversario do programa no que, coa fin de recoñecer o labor das mulleres emprendedoras, haberá mesas redondas xunto con actuacións de carácter cultural e lúdico.

O inaudito é que as mulleres solicitantes destas axudas, sen aínda saber se son beneficiarias delas, están sendo convocadas a asistir a ese acto por unha empresa de organización de eventos que emprega datos de contacto que non foron facilitados loxicamente para ese fin. Por outra banda, nas chamadas telefónicas suxíreselles que será o mesmo día da celebración cando saiban se lles foi concedida esta axuda, polo que existe un profundo malestar ao respecto.

Ao Grupo Parlamentario Socialista preocúpalle profundamente que a Consellaría de Emprego e Igualdade estea creando confusión cun programa como Emega, necesario e que ata o de agora era ben xestionado, deixando entrever ás mulleres solicitantes que a concesión da axuda dependerá da súa asistencia ou non ao acto conmemorativo.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:



1ª) Cal é a razón de que aínda non se fixese pública a resolución da convocatoria das axudas do Programa Emega de 2021?

2ª) Quen lle facilitou á empresa privada que organiza o acto do XXV aniversario do Programa Emega os datos de contacto das persoas solicitantes da convocatoria deste ano, aínda sen resolver?

3ª) Considera lexítimo o Goberno galego a utilización de datos privados de persoas solicitantes a unha subvención pública para convidar a un acto lúdico sen que previamente se concedesen as axudas?

4ª) Entende o Goberno galego que esa maneira de proceder atenta contra a normativa de protección de datos?

5ª) Como valora o Goberno galego que moitas das mulleres contactadas entendan esas chamadas que convidan á asistencia ao XXV aniversario de Emega como un acto de presión do que depende a concesión da axuda?

Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 13/01/2022 14:11:09

Noelia Otero Lago na data 13/01/2022 14:11:21

Marina Ortega Otero na data 13/01/2022 14:11:37

Julio Torrado Quintela na data 13/01/2022 14:11:50



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

O Plan de infraestruturas sanitarias de Atención Primaria do Sergas prevé, na súa segunda fase, a construción dun gran centro de saúde na Ramallosa, co que desaparecerían os equipamentos de Cacheiras e Os Tilos, unha urbanización esta segunda na que viven 2.350 persoas e que dispón desa instalación sanitaria dende o ano 1994.

Diante desta decisión, son xa máis de medio millar as sinaturas recollidas pola veciñanza en oposición ao peche dun centro que na actualidade conta con dous facultativos de medicina de familia, dous de enfermaría e un servizo compartido de matrona e pediatría. De non rectificar esa decisión, as persoas usuarias van ter que desprazarse máis de seis quilómetros para recibir atención primaria, nun percorrido que depende ademais dun transporte público deficiente.

Nunha reivindicación que o Grupo Socialista comparte e que en absoluto pon en dúbida a necesidade do centro da Ramallosa, a veciñanza demanda a rectificación do plan en relación co seu centro de saúde para así prestar a asistencia e prevención máis axeitada ás persoas usuarias que precisan controis periódicos dadas as súas patoloxías. Proba da necesidade da permanencia dese centro é ademais a lista de agarda que existe para poder dispor de médico de familia.

No Grupo Socialista apoiamos a racionalización dos recursos públicos, pero iso non pode nunca supor unha mingua dos servizos xa existentes en zonas nas que efectivamente existe unha demanda máis que contrastada.

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Valora a Consellaría de Sanidade modificar o Plan de infraestruturas sanitarias de Atención Primaria con respecto ao peche do centro de saúde dos Tilos á vista do malestar xerado entre a poboación?

2ª) É consciente o Goberno galego da mingua do servizo sanitario que ese peche suporía para a poboación dos Tilos?





Pazo do Parlamento, 13 de xaneiro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 13/01/2022 14:12:42

Julio Torrado Quintela na data 13/01/2022 14:12:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o elevado número de contaxios na residencia de maiores Domus Vi Bembrive en Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos días tense rexistrado un importante aumento de contaxios por COVID nas residencias de maiores, cuadruplicándose o número de casos activos en tan só nunha semana na que se pasaron de 107 a 412.

A área de Vigo concentra unha parte importante dos afectados, con 169 contaxios activos a día 12 de xaneiro. En total na área de Vigo hai oito residencias afectadas, sete de maiores e unha de discapacitados. Porén a maioría dos casos concéntrase na residencia Domus Vi Bembrive cun total de 106 usuarios contaxiados, o que representa xa un 70% dos usuarios contaxiados, ademais de 13 traballadores que tamén deron positivo.

Os familiares das persoas usuarias do centro lamentan a falta de transparencia e información por parte da Consellería de Política Social e denuncian que a única fonte de información para coñecer a situación nesta residencia son as habituais comunicacións semanais que fai a Consellería. A situación excepcional da residencia cunha elevada porcentaxe de infectados xera unha preocupación nas familias das persoas usuarios. Ante esta preocupación lóxica, a Consellería debe facer un maior esforzo por manter





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

informadas as familias e por garantir que as persoas usuarias están tendo un correcto coidado dos maiores nesta situación complicada na que se atopa a residencia.

